



Concello de Cangas

Expediente num: 1415/2020

Procedemento: Medidas COVID-19

DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o contido do apartado 3.5 do anexo I da Orde da Consellería de sanidade da Xunta de Galicia do do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. , que literalmente transcrita dispón:

“3.5. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.

Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá dar prioridade a aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que os consumidores non manipulen os produtos comercializados neles.”

Tralas reunións mantidas cos representantes do mercado ambulante afectado a fin de dar cumprimento ás condicións previstas na norma citada acordouse respecto ao mercado dos venres unha redución do 50% dos postos seguindo a numeración outorgada polo Concello de acordo co listado elaborado a tal efecto e respecto ao mercado dos martes aumentar a superficie habilitada para esta actividade de tal xeito que se compense a devandita limitación.

Tomando en consideración que a ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal prevé no seu artigo 5 que o Concello por causa de interese xeral e previo cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modificar as prescricións deste Regulamento dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de postos de venda, e incluso a súa total supresión.

Visto canto antecede dentro do marco da normativa de aplicación **DISPOÑO:**

PRIMEIRO: Reducir os postos do mercado de venda ambulante de Cangas do venres nun 50% seguindo a numeración outorgada polo Concello de acordo co listado elaborado a tal efecto

SEGUNDO: Aumentar a superficie habilitada para o mercado de venda ambulante dos martes de tal xeito que se compense a limitación establecida no apartado 3.5 do anexo I da Orde da Consellería de sanidade da Xunta de Galicia do do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRO: Estas medidas entrarán en vigor a partir do 06/11/2020, sen prexuízo de que poidan ser modificadas segundo a evolución da situación ou de acordo coa normativa de aplicación.

CUARTO: Aos efectos da aplicación da Ordenanza Fiscal n.º 20, reguladora da taxa por

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 6JDD646Z5JR5M2KNJA6NRNDL | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Cangas

aproveitamentos especiais con instalación de Postos de venda na vía pública, as cantidades cobradas sobre as que proceda efectuar una devolución se compensarán no trimestre seguinte.

QUINTO: Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello para o seu xeral coñecemento indicando que contra ela, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía desta Entidade, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da citada publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



Cod. Validación: 6JDD649Z5JR5M2KNJA6NRNDL | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850